



**MEMORIA DAS ACTIVIDADES
REALIZADAS POLO
INSTITUTO DE MEDICINA
LEGAL DE GALICIA
2006**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	2
O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA.....	4
DISTRIBUCIÓN ESTRUCTURAL E FUNCIONAL.....	.6
MEMORIA DE ACTIVIDADES	
SERVICIO DE PATOLOXÍA FORENSE	
SERVICIO DE CLÍNICA MÉDICO-FORENSE	
ANEXO DE TABLAS	

INTRODUCCIÓN

Os médicos forenses constituímos un corpo nacional de titulados superiores ao servizo da Administración de xustiza, adscrito organicamente ao Ministerio de Xustiza. Dependemos deste Ministerio ou das comunidades autónomas que teñen transferencias en materia de Xustiza. Somos funcionarios de carreira que desempeñamos funcións de asistencia técnica aos xulgados, tribunais, fiscalías e oficinas do Rexistro Civil nas materias da nosa disciplina profesional.

O noso réxime estatutario é, na actualidade, o establecido na Lei orgánica do Poder Xudicial, no Regulamento do corpo nacional de médicos forenses (Real decreto 296/1996, do 23 de febreiro) e disposicións complementarias. En todo o non previsto nas devanditas normas, aplícase, con carácter supletorio, o disposto na lexislación xeral do Estado sobre a función pública.

O ingreso ao devandito corpo realízase mediante unha convocatoria pública a través dun sistema de oposición, de ámbito nacional, que, ata agora, tivo lugar sempre en Madrid. As comunidades autónomas poderán instar do Ministerio de Xustiza a convocatoria das correspondentes probas selectivas, cando existisen vacantes no seu territorio.

Os médicos forenses temos ao noso cargo as seguintes funcións:

1.- A emisión de informes e ditames medicolegais que nos sexan solicitados polos tribunais, xulgados, fiscalías, oficinas do Rexistro Civil e outros órganos da Administración de xustiza.

2.- A realización das investigacións no campo da patoloxía forense e das prácticas tanatolóxicas que nos sexan requiridas polos xulgados, tribunais e fiscalías, e que se deriven necesariamente da súa propia función no marco do proceso xudicial.

3.- O control periódico dos lesionados e a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais, así como a asistencia ou a vixilancia facultativa aos detidos que se atopen a disposición xudicial e cantas outras funcións estableza a lexislación aplicable.

4.- A asistencia técnica que nos sexa requirida polos xuíces, tribunais, fiscalías e oficinas do Rexistro Civil, e demais órganos da Administración de xustiza, do ámbito territorial no que estamos destinados, nas materias da nosa disciplina profesional e con suxeición ao establecido nas leis procesuais.

5.- A emisión de informes que nos sexan encomendados polo director do Instituto de Toxicoloxía, aos que estean destinados na dita institución, así como a atención á demanda de información toxicolóxica.

6.- A emisión de ditames sobre a causa da morte, nos supostos establecidos no artigo 85 da Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957, redactado conforme a Lei orgánica 7/1992, do 20 de novembro.

7.- Calquera outra tarefa de colaboración e investigación, propia da nosa función, co Ministerio de Xustiza ou, de ser o caso, coas comunidades autónomas que recibiran os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza, así como con outros órganos das administracións públicas, derivada de convenios ou acordos adoptados para o efecto.

Os médicos forenses de Galicia estamos agrupados funcionalmente no Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio. Depende organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que apostou por levar a cabo unha profunda reforma estrutural da medicina forense da nosa Comunidade Autónoma, que a fixo, en primeiro lugar, máis racional á hora de traballar e, en segundo lugar,

con maiores recursos humanos, materiais e científicos, que nos permiten, deste xeito, resolver os desafíos cada vez máis complexos que a sociedade na que nos tocou vivir, imponnos.

O ámbito territorial do Instituto é o da Comunidade Autónoma de Galicia. Ten a súa sede en Santiago de Compostela e centros de traballo situados nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo. Polo tanto, a partir da posta en marcha desta institución, os médicos forenses deixaron de estar adscritos nominalmente aos xulgados, para pasar a estar agrupados funcionalmente nas distintas subdireccións do IMELGA, desde onde realizan todas as tarefas encomendadas nos diferentes xulgados que forman a súa demarcación.

O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA

O Instituto de Medicina Legal de Galicia é un órgano técnico ao servizo da Administración de xustiza, que ten como función auxiliar os xulgados, tribunais, fiscalías e oficinas do Rexistro Civil en materia de medicina forense, de cara a conseguir unha mellor xustiza para o cidadán.

Se quixésemos transmitir ao cidadán unha mensaxe para que en moi poucas palabras entendese, de forma positiva, o concepto básico do noso labor, poderíamos proxectarlle o seguinte slogan:

"Traballamos para que vostede e os seus sexan ponderados axeitadamente ante a Xustiza".

O Instituto de Medicina Legal de Galicia quere chegar a ser:

- A mellor institución científica recoñecida como tal por todos os foros nacionais e internacionais.
- Unha institución recoñecida pola calidade na prestación dos servizos aos cidadáns.

- Unha institución onde todos os profesionais teñan a oportunidade de realizarse persoal e profesionalmente.


Para iso, todo o persoal que traballe no Instituto de Medicina Legal de Galicia ha de caracterizarse por:


- A honradez en todas as súas accións profesionais.
- A obxectividade nos seus informes.
- A imparcialidade nas súas pericias.
- A transparencia en todos os seus actos profesionais.

Para iso hai unha serie de actuacións que é necesario realizar ben, facendo fincapé naquelas que o cidadán valora, como poden ser:

- * Informes periciais científicos.
- * Atención axeitada.
- * Rapidez nas actuacións.
- * Información suficiente despois dunha actuación médico-forense.

DISTRIBUCIÓN ESTRUCTURAL E FUNCIONAL





ORGANIGRAMA XERAL DO IMELGA

Figura n.º 1

A organización estrutural do IMELGA ten unha estrutura piramidal, constituída por unha figura única que é o director e por seis subdirectores (figura n.º 1). Deste xeito garántese que a xestión da medicina forense, en todo o territorio autonómico, sexa a mesma.

Nesta estrutura existe, ademais, un órgano colexiado, o Consello de Dirección, constituído polo director, os subdirectores, os xefes de servizo e dous médicos forenses elixidos entre o persoal do instituto.

O Consello de Dirección ten as seguintes funcións:

- Asesorar o director no exercicio das súas funcións.
- Aprobar as directrices técnicas e protocolos xerais de actuación dos servizos.
- Realizar propostas e colaborar co director na coordinación dos traballos desenvolvidos polo Instituto de Medicina Legal de Galicia.
- Propoñer ao director o plan de actuación do instituto e cooperar no deseño final deste.
- Colaborar co director nas propostas de modificación da relación de postos de traballo do instituto.
- Coordinar co director a elaboración da proposta de anteproxecto de presuposto anual do instituto.

- Redactar anualmente a memoria dos servizos, traballos e actuacións do instituto, que recollerá cantas observacións e comentarios estimen pertinentes para a mellora dos servizos prestados á Administración de xustiza.
- Propoñer ao director do instituto as quendas de gardas e as normas sobre repartición de funcións e asuntos entre os médicos forenses. Propoñer as adquisicións de material ao director do instituto.
- Propoñer a creación da Comisión de Docencia e Investigación.
- Elaborar e aprobar o Regulamento de funcionamento interno do Consello, logo do informe da Dirección Xeral de Xustiza.
- Informar dos convenios co Servizo Galego de Saúde, con universidades e outras institucións no ámbito da actividade docente, investigadora e formativa.

Polo tanto, estruturalmente o IMELGA configúrase nunha dirección, que está en Santiago de Compostela, e en seis subdireccións: Vigo, Pontevedra, Ourense, Lugo, A Coruña e Ferrol (figura n.º 2).




Figura n.º 2

Por outro lado, a organización funcional é tamén xerarquizada: xefes de servizo, xefes de sección e médicos forenses básicos.

Na nova organización hai, por agora, dous xefes de servizo, un de patoloxía forense e outro de clínica médico-forense, que ten o seu posto de traballo na sede de Santiago de Compostela. Son os responsables de elaborar, para que despois sexan aprobados polo Consello de Dirección, todos os protocolos de actuación profesional que se levan a cabo por todos os profesionais que compoñemos o Instituto (figura n.º 1).

Os xefes de servizo organizan sesións clínicas e exposicións de casos, co fin de manter un espírito de aprendizaxe permanente, que garante un alto nivel científico da institución.

En cada subdirección hai un xefe de sección de patoloxía forense e outro de clínica médico-forense, que son os encargados de velar para que todos os médicos forenses realicen o seu traballo cos requisitos mínimos impostos polos protocolos de actuación xeral.

Polo tanto, podemos considerar que cada médico forense integrado no IMELGA ha de realizar dous tipos de traballo: un específico en patoloxía, valoración do dano ou psiquiatría, e, outro, xeral, que corresponde á garda.

No Servizo e nas seccións de Patoloxía Forense ingresan todos os cadáveres cuxo levantamento foi realizado polo médico forense de garda. A actividade dos profesionais de patoloxía forense concrétese en:

- Estudo radiolóxico, segundo as circunstancias do caso.
- Práctica da autopsia seguindo a Recomendación 3/99 do Consello de Ministros da Comunidade Europea.
- Estudo fotográfico de lesións e pezas anatómicas.
- Toma de mostras para estudos complementarios histopatolóxicos, químico-toxicolóxicos e cantos sexan necesarios para as circunstancias do caso.
- Emisión dun informe preliminar de autopsia, naqueles casos que, pola súa complexidade ou importancia, así o esixisen.

- Emisión do informe definitivo de autopsia, que inclúe o resultado de todos os estudos complementarios practicados.

As autopsias están centralizadas nas cidades onde residen tanto a Dirección como as subdireccións do IMELGA. Os cadáveres son trasladados desde o punto do levantamento ata o lugar onde se lle realiza a autopsia por unha empresa funeraria concesionaria por concurso público para este fin, que se encarga de realizar este traslado de forma gratuíta para o

usuario, e a súa devolución, se a familia así o require, unha vez rematada a autopsia. Con isto garátese que a realización das autopsias xudiciais non sexan gravosas para as familias dos falecidos.

Dependente do Servizo de Patoloxía Forense, creouse recentemente a Unidade de Antropoloxía Forense que ten a súa localización física en Verín e é a encargada de realizar os estudos antropolóxicos de todos os restos óseos que aparezan en Galicia.

Ademais, puxéronse en marcha as normas e as recomendacións da autopsia perinatal. O dito documento supón o inicio da protocolización da técnica das diferentes autopsias que se van realizar, que é un dos obxectivos previstos no momento da posta en marcha do Imelga.

Estas normas e recomendacións son de obrigado cumprimento en todas as autopsias médico-forenses que se realicen en Galicia e suporá un avance espectacular tanto no perfeccionamento da técnica necrópsica, coma nas liñas de investigación básica, o que suporá unha mellora no estudo das causas da morte perinatal.

A autopsia medicolegal, nos casos de morte perinatal, é esencial e de gran transcendencia para a información aos xulgados. Pero non só isto: a cuestión posúe ademais un interese extraxudicial notorio, en particular ofrecendo información aos pais mediante o consello xenético, a planificación e o coidado dos embarazos seguintes.

Os profesionais do IMELGA consideran que mellorar a precisión da causa de morte a través dun estudo necrópsico de calidade, aumentará a calidade das estatísticas e, en certos casos, permitirá deseñar estratexias de prevención nalgúns tipos de morte infantil.

Ao servizo e seccións da clínica médico-forense correspóndenlle as seguintes funcións:

- Na vertente da valoración do dano corporal:

- A realización de peritaxes médico-forenses.

- O control periódico dos lesionados e a valoración de danos corporais que sexan obxecto de prácticas procesuais.

Non podemos esquecer que a totalidade das agresións e máis do 90% dos lesionados en accidentes de tráfico, pasan polas nosas consultas. É o médico forense o que

determina o tempo de curación e as secuelas que lle quedan a cada lesionado, para que, posteriormente, o xuíz repare o dano sufrido a través dunha determinada indemnización. Polo tanto, a través do médico forense valorador do dano pasan un número elevadísimo de casos, que se traducen nunha importante cantidade económica, que, ao cabo do ano, alcanza cifras astronómicas, coa importancia social que iso supón. Da súa actuación ecuánime, independente e científica, depende a xusta reparación do que sufriu un dano biolóxico, sen que por iso se resinta a sociedade.

Para realizar esta función, os médicos forenses desprazáranse aos diferentes xulgados da demarcación territorial do IMELGA, onde levarán a cabo este labor. Desta forma achegámoslle a prestación ao cidadán, evitando, así, os traslados dos axuizables ata as sedes centrais do Instituto.

- Na vertente da psiquiatría forense: todas as peritaxes relativas a enfermos mentais, que teñan unha certa complexidade e que non poidan ser resoltos polos outros médicos forenses:

- Valoración da imputabilidade.

- Informes sobre incapacidades complexas.

- Informes nos casos de violencia de xénero e malos tratos.

En todos estes casos, o psiquiatra forense pode ser auxiliado polo psicólogo forense e, se for necesario, polo Servizo de Traballo Social, integrados ambos os dous no propio Instituto.

Estes tres profesionais forman, ademais e colexiadamente, a Unidade Psicosocial para a valoración forense integral da violencia de xénero.

Neste senso, a Organización das Nacións Unidas recoñeceu que a violencia contra as mulleres é un obstáculo para lograr os obxetivos de igualdade, desenvolvemento e paz, e viola e menoscaba o disfrute dos dereitos humanos e liberdades fundamentais.

Co obxecto de cumprimentar o contido da Ley Orgánica 1/2004, creáronse, nos meses de xullo do ano pasado no Instituto de Medicina Legal de Galicia, sete Unidades Psicosociais para a Valoración Forense Integral da Violencia de Xénero, compostas, cada unha, por un

Psiquiatra Forense, un Psicólogo e un Traballador Social. Destacaremos que a actuación destes servizos se enmarca no ámbito da actuación pericial dentro dun procedemento xudicial aberto, no cal corresponde ás autoridades xudiciais ou fiscais, como instructores do caso, decidir os aspectos probatorios que necesitan. Neste contexto, estas Unidades deseñan un sistema de valoración integral das vítimas de violencia de xénero e da violencia doméstica, desde unha perspectiva multidisciplinar e interdisciplinar, como medio para impulsar a calidade da valoración pericial.

A actuación do equipo forense susténtase na necesidade da valoración dos seguintes elementos:

1. Determinación da existencia do maltrato e as súas consecuencias.
2. Achegar elementos para a elaboración dun plan de protección da vítima.
3. Valoración do risco futuro.
4. Valor probatorio da pericia.

Os complexos casos de responsabilidade profesional médica róldanse por rigorosa orde entre todos os facultativos que integran unha subdirección. O responsable do seu estudo ten a posibilidade, se así o desexa, de levalo a unha sesión clínica, para que poida ser discutido profesionalmente e se acheguen ideas e solucións ao relator do caso.

En canto ao servizo de garda, en cada subdirección hai, polo menos, dous médicos forenses de garda de duración semanal, que se distribuirán todo o territorio da subdirección. O número de profesionais que han de estar de garda, establécese o subdirector, atendendo ás peculiaridades xeodemográficas do seu territorio, de forma que estea plenamente garantida a resposta a calquera continxencia que poida aparecer. Esta proposta foi levada ao Consello de Dirección e este, posteriormente, pasoulla ao Director para aprobala.

As gardas realízanas os médicos forenses do IMELGA, teñan ou non posto específico. Agora ben, mentres están de garda, poden ser relevados das súas ocupacións específicas mentres dure aquela.

As funcións do médico forense de garda son:

- Levantamentos de cadáver e de restos cadavéricos.
- Atención urxente ás vítimas de agresións sexuais.
- Atención urxente ás vítimas da violencia de xénero e de maltrato familiar.
- Atención urxente aos detidos postos a disposición xudicial.
- Recoñecemento dos lesionados involucrados nos xuízos rápidos.
- Internamentos psiquiátricos non urxentes.

Se no momento de facer o recoñecemento, tanto do detido coma do enfermo psiquiátrico, estivese nun xulgado rural o médico forense encargado da valoración do dano corporal, este poderá facer o recoñecemento sen necesidade de chamar o de garda.

Toda a protocolización da actuación desta Unidades estase presentar pormenorizadamente no Manuel de Valoración Forense Integral da Violencia de Xénero, que estamos a piques de editar.

O Instituto de Medicina Legal de Galicia é o único instituto de medicina legal de España que adoptou esta distribución de tarefas e de materias dentro da medicina forense, o que garante unha maior profundidade de coñecementos nun determinado campo da medicina, abandonando, por fin, o concepto do médico forense como home renacentista que tiña que saber de todo, situación que choca frontalmente coas directrices que o rigor da ciencia actual impón.

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Desde a entrada en funcionamento do Instituto de Medicina Legal de Galicia, o primeiro de abril de 2.006, ata o 31 de decembro de ese mesmo ano, foron atendidos 28.215 casos en total: 1.527 casos no Servicio de Patoloxía Forense, e 26.688 casos no Servicio de Clínica Médico-Forense.

SERVICIO DE PATOLOXÍA FORENSE:

No Servicio de Patoloxía Forense do IMELGA fixéronse 1.443 autopsias en total, das que 872 (60%) foron por mortes violentas, e 571 (40%), por causas naturais (Figura nº 1).

AUTOPSIAS TOTAIS REALIZADAS





Figura nº 1

Das mortes violentas, 599 (69%) foron accidentais, 245 (28%), suicidas e 28 (3%), homicidas (Figura nº 2).

MORTES VIOLENTAS: ETIOLOXÍA M.F.



PATOLOXÍA FORENSE

Figura nº 2

Dentro das causas de morte violenta, destaca en frecuencia a producida por traumatismos, seguidas das asfixias mecánicas. Mais alonxadas quedan as mortes por reacción adversa a sustancias psicoactivas, intoxicacións, queimaduras, feridas por arma branca, as feridas por arma de fogo, e, por último as lesións eléctricas (Figura nº 3).

MORTES VIOLENTAS: CAUSAS




Figura nº 3

Das mortes autopsiadas por causas naturais, 564 foron de adultos, 5 no período perinatal y 2 corresponderon o período infantil.

Dentro das causas de morte natural nos casos autopsiados no Servicio de Patoloxía Forense do IMELGA, destaca en primeiro lugar a patoloxía cardio-vascular con una porcentaxe do 74%. O resto das patoloxías representan uns valores porcentuais moito menos significativos (Figura nº 4).

MORTES NATURAIS: CAUSAS





Figura nº 4

Por Subdireccións territoriais, o número total de autopsias queda reflectido na figura nº 5.

Na figura nº 6 pode observarse a distribución de casos de mortes violentas e de mortes naturais entre as autopsias realizadas nas subdireccións territoriais do IMELGA.


Nº TOTAL DE AUTOPSIAS POR TERRITORIOS



PATOLOXÍA FORENSE

Figura nº 5

AUTOPSIAS REALIZADAS: TIPO DE MORTE




PATOLOXÍA FORENSE

Figura nº 6

En cuanto a etiología médico-legal das mortes violentas autopsiadas, destaca en primeiro lugar os accidentes, seguidos polos casos de suicidios e, por último, dos homicidios (Figura nº 7).



MORTES VIOLENTAS: ETIOLOXÍA M.-L.



PATOLOXÍA FORENSE

Figura nº 7

Na figura nº 8 represéntase a porcentaxe de accidentes, suicidios e homicidios de cada subdirección, en relación co número de autopsias realizadas por mor de morte violenta.

En termos porcentuais cabe subliñar os doce homicidios ocorridos en Vigo, o que representa o 8% das autopsias de morte violenta, fronte o 4% de Santiago e A Coruña, o 3% de Pontevedra, o 2% de Ourense e Ferrol, e o 1% de Lugo.


A Coruña é a Subdirección onde a porcentaxe de suicidios en relación as mortes violentas autopsiadas é maior (34%), seguido da de Ferrol (31%), Santiago (29%), Vigo (28%), Pontevedra (24%), Lugo (23%) e por último Ourense (21%).

Porén, si analizamos a taxa de suicidios por subdireccións, é a de Ferrol a que representa una taxa maior, tal como queda reflectido na táboa nº 1.

TERRITORIO	TAXA DE SUICIDIOS POR 100.000 HABITS.
DIRECCIÓN DE SANTIAGO	11'5
SUBDIRECCIÓN DE A CORUÑA	9'95
SUBDIRECCIÓN DE FERROL	13'81
SUBDIRECCIÓN DE PONTEVEDRA	6'52
SUBDIRECCIÓN DE VIGO	8'81
SUBDIRECCIÓN DE LUGO	9'73
SUBDIRECCIÓN DE OURENSE	5'61



MORTES VIOLENTAS: ETIOLOXÍA M.-L.



PATOLOXÍA FORENSE

Figura nº 8

Un estudio especial, dentro do campo da Patoloxía Forense, merecen os accidentes de tráfico ocorridos na nosa Comunidade Autónoma. Temos que aclarar que, a diferencia doutras fontes que se barrallan nas estatísticas, as nosas cifras recollen a realidade deste dato xa que somos os únicos que contabilizamos como accidente de tráfico aquelas mortes ocorridas por tal causa, aínda que estivesen varios días no hospital previo o deceso.

No período entre o día 1 de abril e o 31 de decembro de 2.006, contabilizamos un total de 350 mortes ocorridas por accidentes de tráfico en Galicia, con una distribución polas Subdireccións Territoriais do IMELGA que queda reflectida na figura nº 9.

¡Error! No se pueden crear objetos modificando códigos de campo.

Figura nº 9

Tal como se observa na figura nº 10, a distribución por idades non é un patrón uniforme, se non que fai un pico moi notorio nos intervalos comprendidos entre os 20 e os 44 anos. Neste intervalo ocorriron 181 mortes, o que corresponde ao 53% das mortes totais.

Da mesma maneira, a distribución ao largo dos meses do ano tampouco segue unha frecuencia lineal, observándose unha maior mortalidade por esta causa nos meses de xuño e xullo, con 113 casos, o que representa o 32% do total das mortes (Figura nº 11).

ACCIDENTES DE TRÁFICO

DISTRIBUCIÓN POR EDADES




Figura nº 10

¡Error! No se pueden crear objetos modificando códigos de campo.

Figura nº 11

SERVICIO DE CLÍNICA MÉDICO-FORENSE

No Servicio de Clínica Médico-Forense realizáronse un total de 26.688 peritaxes: 19.119 casos foron vistos en Valoración do Dano Corporal, o que corresponde ao 71'64%; 3.986 casos (14'94%), foron explorados en Psiquiatría Forense; 469 casos (1'76%) foron estudados na sección de Psicología; 327 (1'39%), en Traballo Social; 2.558 casos (9'58%) foron consecuencia da actuación do servizo de garda, e 184 informes (0'69%) catalogados como "outros" (Figura nº 12).

¡Error! No se pueden crear objetos modificando códigos de campo.

Figura nº 12

O número de casos atendidos na Dirección e nas distintas Subdireccións do IMELGA pódese ver na figura nº 13.

¡Error! No se pueden crear objetos modificando códigos de campo.

Figura nº 13

Na figura nº 14 especificáanse os casos totais vistos no Imelga, dentro do eido da Valoración do Dano Corporal. Como se pode apreciar na gráfica, a maior porcentaxe corresponde as consultas realizadas por mor de accidentes de tráfico, seguido das producidas por agresións. As outras modalidades quedan porcentualmente bastante alonxadas.

¡Error! No se pueden crear objetos modificando códigos de campo.

Figura nº 14

Dentro da Psiquiatría Forense, Psicoloxía e Traballo Social realizados no Imelga, a distribución dos motivos das consultas quedan reflectidos nas figuras nº 15, 16 e 17.

¡Error! No se pueden crear objetos modificando códigos de campo.

Figura nº 15

¡Error! No se pueden crear objetos modificando códigos de campo.

Figura nº 16

¡Error! No se pueden crear objetos modificando códigos de campo.

Figura nº 17

Un estudio especial merecen os casos de violencia de xénero atendidos no Imelga nos nove últimos meses do ano pasado. Neste periodo contabilizamos 1.233 casos de violencia de xénero, atendidos nas consultas de Clínica xeral. Algúns destes casos, debido a súa gravidade, foron enviados as Unidades de Valoración Forense Integral de Violencia de Xénero, para un estudio multidisciplinar mais pormenorizado.

Dos casos estudiados no IMELGA, pódense extraer os seguintes datos epidemiolóxicos:

TIPOLOXÍA DAS VÍTIMAS

1. IDADE:

- 15-20: 2%
- 21-30: 24%
- 31-40: 36%
- 41-50: 24%
- 51-60: 6%
- > 60 : 8%

2. ESTADO CIVIL:

- Solteira: 26%
- Casada: 38%
- Separada/divorciada: 32%
- Viúva: 4%

3. NIVEL DE ESTUDOS:

- Primarios: 46%
- Secundarios: 38%
- Universitarios: 16%

4. TRABALLO:

- Sen relación laboral: 16%
- Non cualificado: 54%
- Cualificado: 18%

- En activo: 46%
- En paro: 54%

5. ANTECEDENTE MÉDICOS PSIQUICOS:

- Depresión: 56%
- Psicoses: 18%
- Deficiencia mental: 4%
- Consumo de drogas de abuso: 10%
- Outros: 12%

6. TIPO DE RELACIÓN:

- Matrimonio ou asimilado: 84%

- Noivos: 16%
7. FILLOS:
- Fillos comúns: 54%
 - Fillos non comúns: 46%
8. OUTROS CONVIVINTES:
- Familiares do home: 6%
 - Familiares da muller: 4%
9. ANOS DE RELACIÓN DA PARELLA:
- < 1: 8%
 - 2-5: 32%
 - 6-10: 18%
 - 11-20: 22%
 - 21-30: 10%
 - > 31: 8%
 - > 50: 2%
10. SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO MOMENTO DA DENUNCIA:
- Conviven: 22%
 - Non conviven: 78%

 - En trámite de separación: 22%
11. COMENZO DO MALTRATO CON RELACIÓN AO INICIO DA PARELLA:
- < 1 mes: 24%
 - 5-6 mes: 10%
 - 6-12 meses: 16%
 - 1-5 anos: 36%
 - 6-10 anos: 6%
 - 10-15 anos: 4%
 - 16-20 anos: 2%
 - > 20 anos: 2%
12. FRECUENCIA DAS AGRESIÓNS:
- Diario: 32%
 - Semanal: 26%
 - Quincenal: 8%
 - Mensual: 10%
 - Semestral: 4%
 - Episódica: 10%
 - Única: 10%
13. TIPO DE MALTRATO PREVIO REFERIDO E A SUA GRAVEDADE:

- Psíquico: 51%
- Físico: 44%
- Sexual: 5%

- Leve: 78%
- Moderado: 17%
- Grave: 5%

14. ASISTENCIA RECIBIDA-RECLAMADA PREVIAMENTE:

- Médica: 30%
- Psicológica: 26%
- Social: 6%
- Acollimento: 2%
- Nengunha: 36%

15. TIPO DE AGRESIÓN ACTUAL DENUNCIADA:

- Só psíquica: 8 %
- Física-psíquica: 92%
- Sexual: 0%

- Leve: 92%
- Moderada: 6%
- Grave: 2%

16. LOCALIZACIÓN CORPORAL MAIS FRECUENTE:

- Cabeza: 42%
- Membros superiores: 24%
- Membros inferiores: 12%
- Tronco: 22%

17. ASISTENCIA RECIBIDA-RECLAMADA

- Médica: 72%
- Psicológica: 12%
- Social: 0%
- Ningunha: 16%

18. DENUNCIA:

- Primeira denuncia: 84%
- Denuncias previas: 16%

- Denuncias retiradas: 14%
- Denuncias previas de outras parellas: 4%

- Condenas: 8%

MEMORIA SERVICIO DE PATOXÍA FORENSE ANO 2006

SUBDIRECCIÓN DE SANTIAGO

AUTOPSIAS			CANTIDADE	%
	MORTES VIOLENTAS:			
		HOMICIDIOS:	2	0,70%
		SUICIDIOS:	51	17,96%
		ACCIDENTES:	126	44,37%
		TOTAL:	179	63,03%
	CAUSA DA MORTE:			
		ARMA BLANCA:	2	0,70%
		ARMA DE FOGO:	2	0,70%
		LESIÓNS ELÉCTRICAS:	0	0,00%
		LESIÓNS TÉRMICAS:	3	1,06%
		ASFIXIAS MECÁNICAS:	65	22,89%
		SOBREDOSIS:	5	1,76%
		INTOXICACIÓNS:	3	1,06%
		TRAUMATISMOS:	99	34,86%
		TOTAL:	179	63,03%
	MORTES NATURAIS:			
		PERINATAIS:	2	0,70%

		INFANTIS:	0	0,00%
		ADULTOS:	103	36,27%
		TOTAL:	105	36,97%
	CAUSA DA MORTE:			
		PATOLOXIA NEUROLÓXICA:	9	3,17%
		PATOLOXÍA DIXESTIVA:	5	1,76%
		PATOLOXÍA RESPIRATORIA:	14	4,93%
		PAT. CARDIO-VASCULAR:	60	21,13%
		PAT. ENDOCRINO-METABÓLICA:	0	0,00%
		PAT. GÉNITO-URINARIA:	3	1,06%
		OUTRAS PATOLOXÍAS:	1	0,35%
		INDETERMINADAS:	13	4,58%
		TOTAL:	105	36,97%
		AUTOPSIAS TOTAIS:	284	
CERTIFICADOS COMO MÉDICOS REXISTRO CIVIL		TOTAL:	0	

SUBDIRECCIÓN DE A CORUÑA

AUTOPSIAS			CANTIDADE	%
	MORTES VIOLENTAS:			
		HOMICIDIOS:	6	2,19%
		SUICIDIOS:	55	20,07%
		ACCIDENTES:	100	36,50%
		TOTAL:	161	58,76%
	CAUSA DA MORTE:			
		ARMA BLANCA:	2	0,73%
		ARMA DE FOGO:	2	0,73%
		LESIÓN ELÉCTRICAS:	0	0,00%
		LESIÓN TÉRMICAS:	7	2,55%
		ASFIXIAS MECÁNICAS:	51	18,61%
		SOBREDOSIS:	8	2,92%
		INTOXICACIÓN:	3	1,09%
		TRAUMATISMOS:	88	32,12%
		TOTAL:	161	58,76%
	MORTES NATURAIS:			
		PERINATAIS:	0	0,00%
		INFANTIS:	0	0,00%
		ADULTOS:	113	41,24%
		TOTAL:	113	41,24%
	CAUSA DA			

	MORTE:			
		PATOLOXIA NEUROLÓXICA:	8	2,92%
		PATOLOXÍA DIXESTIVA:	3	1,09%
		PATOLOXÍA RESPIRATORIA:	4	1,46%
		PAT. CARDIO-VASCULAR:	90	32,85%
		PAT. ENDOCRINO- METABÓLICA:	0	0,00%
		PAT. GÉNITO-URINARIA:	0	0,00%
		OUTRAS PATOLOXÍAS:	8	2,92%
		INDETERMINADAS:	0	0,00%
		TOTAL:	113	41,24%
		AUTOPSIAS TOTAIS:	274	
CERTIFICADOS COMO MÉDICOS REXISTRO CIVIL				
		TOTAL:	47	

SUBDIRECCIÓN DE FERROL

AUTOPSIAS			CANTIDADE	%
	MORTES VIOLENTAS:			
		HOMICIDIOS:	2	1,83%
		SUICIDIOS:	27	24,77%
		ACCIDENTES:	57	52,29%
		TOTAL:	86	78,90%
	CAUSA DA MORTE:			
		ARMA BLANCA:	0	0,00%
		ARMA DE FOGO:	0	0,00%
		LESIÓN ELÉCTRICAS:	0	0,00%
		LESIÓN TÉRMICAS:	0	0,00%
		ASFIXIAS MECÁNICAS:	29	26,61%
		SOBREDOSIS:	15	13,76%
		INTOXICACIÓN:	5	4,59%
		TRAUMATISMOS:	37	33,94%
		TOTAL:	86	78,90%
	MORTES NATURAIS:			
		PERINATAIS:	0	0,00%
		INFANTIS:	0	0,00%
		ADULTOS:	23	21,10%
		TOTAL:	23	21,10%

	CAUSA DA MORTE:		
	PATOLOXIA NEUROLÓXICA:	3	2,75%
	PATOLOXÍA DIXESTIVA:	2	1,83%
	PATOLOXÍA RESPIRATORIA:	4	3,67%
	PAT. CARDIO-VASCULAR:	14	12,84%
	PAT. ENDOCRINO-METABÓLICA:	0	0,00%
	PAT. GÉNITO-URINARIA:	0	0,00%
	OUTRAS PATOLOXÍAS:	0	0,00%
	INDETERMINADAS:	0	0,00%
	TOTAL:	23	21,10%
	AUTOPSIAS TOTAIS:	109	
CERTIFICADOS COMO MÉDICOS REXISTRO CIVIL		TOTAL:	20

SUBDIRECCIÓN DE LUGO

AUTOPSIAS			CANTIDADE	%
	MORTES VIOLENTAS:			
		HOMICIDIOS:	1	0,57%
		SUICIDIOS:	25	14,29%
		ACCIDENTES:	80	45,71%
		TOTAL:	106	60,57%
	CAUSA DA MORTE:			
		ARMA BLANCA:	2	1,14%
		ARMA DE FOGO:	1	0,57%
		LESIÓNS ELÉCTRICAS:	1	0,57%
		LESIÓNS TÉRMICAS:	1	0,57%
		ASFIXIAS MECÁNICAS:	27	15,43%
		SOBREDOSIS:	3	1,71%
		INTOXICACIÓNS:	2	1,14%
		TRAUMATISMOS:	69	39,43%
		TOTAL:	106	60,57%
	MORTES NATURAIS:			
		PERINATAIS:	1	0,57%
		INFANTIS:	0	0,00%
		ADULTOS:	68	38,86%
		TOTAL:	69	39,43%

	CAUSA DA MORTE:		
	PATOLOXIA NEUROLÓXICA:	2	1,14%
	PATOLOXÍA DIXESTIVA:	2	1,14%
	PATOLOXÍA RESPIRATORIA:	3	1,71%
	PAT. CARDIO-VASCULAR:	60	34,29%
	PAT. ENDOCRINO-METABÓLICA:	0	0,00%
	PAT. GÉNITO-URINARIA:	0	0,00%
	OUTRAS PATOLOXÍAS:	0	0,00%
	INDETERMINADAS:	2	1,14%
	TOTAL:	69	39,43%
	AUTOPSIAS TOTAIS:	175	
CERTIFICADOS COMO MÉDICOS REXISTRO CIVIL		TOTAIS:	4

SUBDIRECCIÓN DE OURENSE

AUTOPSIAS			CANTIDADE	%
	MORTES VIOLENTAS:			
		HOMICIDIOS:	2	1,35%
		SUICIDIOS:	19	12,84%
		ACCIDENTES:	69	46,62%
		TOTAL:	90	60,81%
	CAUSA DA MORTE:			
		ARMA BLANCA:	1	0,68%
		ARMA DE FOGO:	2	1,35%
		LESIÓN ELÉCTRICAS:	0	0,00%
		LESIÓN TÉRMICAS:	7	4,73%
		ASFIXIAS MECÁNICAS:	20	13,51%
		SOBREDOSIS:	3	2,03%
		INTOXICACIÓN:	10	6,76%
		TRAUMATISMOS:	47	31,76%
		TOTAL:	90	60,81%
	MORTES NATURAIS:			
		PERINATAIS:	0	0,00%
		INFANTIS:	1	0,68%
		ADULTOS:	57	38,51%
		TOTAL:	58	39,19%

	CAUSA DA MORTE:		
	PATOLOXIA NEUROLÓXICA:	0	0,00%
	PATOLOXÍA DIXESTIVA:	3	2,03%
	PATOLOXÍA RESPIRATORIA:	4	2,70%
	PAT. CARDIO-VASCULAR:	39	26,35%
	PAT. ENDOCRINO-METABÓLICA:	0	0,00%
	PAT. GÉNITO-URINARIA:	1	0,68%
	OUTRAS PATOLOXÍAS:	7	4,73%
	INDETERMINADAS:	4	2,70%
	TOTAL:	58	39,19%
	AUTOPSIAS TOTAIS:	148	
CERTIFICADOS COMO MÉDICOS REXISTRO CIVIL		TOTAIS:	1

SUBDIRECCIÓN DE PONTEVEDRA

AUTOPSIAS			CANTIDADE	%
	MORTES VIOLENTAS:			
		HOMICIDIOS:	3	1,97%
		SUICIDIOS:	22	14,47%
		ACCIDENTES:	65	42,76%
		TOTAL:	90	59,21%
	CAUSA DA MORTE:			
		ARMA BLANCA:	2	1,32%
		ARMA DE FOGO:	2	1,32%
		LESIÓNS ELÉCTRICAS:	1	0,66%
		LESIÓNS TÉRMICAS:	3	1,97%
		ASFIXIAS MECÁNICAS:	26	17,11%
		SOBREDOSIS:	11	7,24%
		INTOXICACIÓNS:	1	0,66%
		TRAUMATISMOS:	44	28,95%
		TOTAL:	90	59,21%
	MORTES NATURAIS:			
		PERINATAIS:	0	0,00%
		INFANTIS:	1	0,66%
		ADULTOS:	61	40,13%
		TOTAL:	62	40,79%

	CAUSA DA MORTE:		
	PATOLOXIA NEUROLÓXICA:	1	0,66%
	PATOLOXÍA DIXESTIVA:	2	1,32%
	PATOLOXÍA RESPIRATORIA:	2	1,32%
	PAT. CARDIO-VASCULAR:	48	31,58%
	PAT. ENDOCRINO-METABÓLICA:	0	0,00%
	PAT. GÉNITO-URINARIA:	0	0,00%
	OUTRAS PATOLOXÍAS:	5	3,29%
	INDETERMINADAS:	4	2,63%
	TOTAL:	62	40,79%
	AUTOPSIAS TOTAIS:	152	
CERTIFICADOS COMO MÉDICOS REXISTRO CIVIL		TOTAIS:	12

SUBDIRECCIÓN DE VIGO

AUTOPSIAS			CANTIDADE	%
	MORTES VIOLENTAS:			
		HOMICIDIOS:	12	3,99%
		SUICIDIOS:	46	15,28%
		ACCIDENTES:	102	33,89%
		TOTAL:	160	53,16%
	CAUSA DA MORTE:			
		ARMA BLANCA:	8	2,66%
		ARMA DE FOGO:	5	1,66%
		LESIÓN ELÉCTRICAS:	0	0,00%
		LESIÓN TÉRMICAS:	8	2,66%
		ASFIXIAS MECÁNICAS:	32	10,63%
		SOBREDOSIS:	13	4,32%
		INTOXICACIÓN:	5	1,66%
		TRAUMATISMOS:	89	29,57%
		TOTAL:	160	53,16%
	MORTES NATURAIS:			
		PERINATAIS:	2	0,66%
		INFANTIS:	0	0,00%
		ADULTOS:	139	46,18%
		TOTAL:	141	46,84%

	CAUSA DA MORTE:			
		PATOLOXIA NEUROLÓXICA:	5	1,66%
		PATOLOXÍA DIXESTIVA:	7	2,33%
		PATOLOXÍA RESPIRATORIA:	16	5,32%
		PAT. CARDIO-VASCULAR:	106	35,22%
		PAT. ENDOCRINO-METABÓLICA:	0	0,00%
		PAT. GÉNITO-URINARIA:	0	0,00%
		OUTRAS PATOLOXÍAS:	3	1,00%
		INDETERMINADAS:	4	1,33%
		TOTAL:	141	46,84%
		AUTOPSIAS TOTAIS:	301	
CERTIFICADOS COMO MÉDICOS REXISTRO CIVIL				
		TOTAIS:		

INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA MEMORIA SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2006

AUTOPSIAS			CANTIDADE	%
	MORTES VIOLENTAS:			
		HOMICIDIOS:	28	1,94%
		SUICIDIOS:	245	16,98%
		ACCIDENTES:	599	41,51%
		TOTAL:	872	60,43%
	CAUSA DA MORTE:			
		ARMA BLANCA:	17	1,18%
		ARMA DE FOGO:	14	0,97%
		LESIÓN ELÉCTRICAS:	2	0,14%
		LESIÓN TÉRMICAS:	29	2,01%
		ASFIXIAS MECÁNICAS:	250	17,33%
		SOBREDOSIS:	42	4,02%
		INTOXICACIÓNS:	29	2,01%
		TRAUMATISMOS:	473	32,78%
		TOTAL:	872	60,43%
	MORTES NATURAIS:			
		PERINATAIS:	5	0,35%

		INFANTIS:	2	0,14%
		ADULTOS:	564	39,09%
		TOTAL:	571	39,57%
	CAUSA DA MORTE:			
		PATOLOXIA NEUROLÓXICA:	28	1,94%
		PATOLOXÍA DIXESTIVA:	24	1,66%
		PATOLOXIA RESPIRATORIA:	47	3,26%
		PATOLOXÍA CARDIO- VASCULAR:	417	28,90%
		PATOLOXÍA ENDOCRINO- METABÓLICA:	0	0,00%
		PATOLOXÍA XÉNITO- URINARIA:	4	0,28%
		OUTRAS PATOLOXÍAS:	24	1,66%
		INDETERMINADAS:	27	1,87%
		TOTAL:	571	39,57%
		AUTOPSIAS TOTAIS:	1443	
CERTIFICADOS COMO MÉDICOS REXISTRO CIVIL			TOTAIS:	84

INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA MEMORIA SERVICIO DE CLÍNICA FORENSE ANO 2006

SUBDIRECCIÓN DE SANTIAGO

VALORACION DAÑO CORPORAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	2455	74,51%			
				TRÁFICOS	990	30,05%
				AGRESIÓNS	950	28,83%
				LABORAIS	85	2,58%
				CASUAIS	34	1,03%
				VIOLENCIA XÉNERO	56	1,70%
				OUTROS	340	10,32%
				TOTAIS:	2.455	74,51%
	INFORME SANIDAD:	1438	43,64%			
	INFORME ESTADO:	492	14,93%			
	INFORME ESPERA:	525	15,93%			
	TOTAIS:	2455	74,51%			

PSIQUIATRÍA FORENSE			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	142	4,31%			
				IMPUTABILIDAD	33	1,00%
				INCAPACIDAD	56	1,70%
				VIOLENCIA DE XÉNERO	11	0,33%
				FAMILIA	0	0,00%
				OUTROS	42	1,27%
				TOTAIS:	142	4,31%
PSICOLOXÍA			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	40	1,21%			
				IMPUTABILIDAD	7	0,21%
				INCAPACIDAD	9	0,27%
				VIOLENCIA DE XÉNERO	11	0,33%
				FAMILIA	13	0,39%
				OUTROS	0	0,00%
				TOTAIS:	40	1,21%
TRABALLO SOCIAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	23	0,70%			
				IMPUTABILIDAD	0	0,00%
				INCAPACIDAD	8	0,24%
				VIOLENCIA DE XÉNERO	5	0,15%
				FAMILIA	10	0,30%
				OUTROS	0	0,00%
				TOTAIS:	23	0,70%
SERVIZO DE GARDA			%			%
				DETIDOS	224	6,80%
				INTERNAMENTOS	0	0,00%
				URXENTES	39	1,18%
				CONTROL INGRESO	336	10,20%
				AGRESIÓNS SEXUAIS	18	0,55%
	TOTAIS:	617	18,73%			
OUTROS			%			%
				NEGLIXENCIAS MÉDICAS	7	0,21%

				INFORMACIÓN X. SOCIAL	7	0,21%
				INFORMACIÓN X. PENAL	4	0,12%
	TOTAIS:	18	0,55%			
TOTAL CLÍNICA:		3295				

SUBDIRECCIÓN DE A CORUÑA

VALORACION DAÑO CORPORAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	2986	71,32%			
				TRÁFICOS	1.013	24,19%
				AGRESIÓNS	1.577	37,66%
				LABORAIS	35	0,84%
				CASUAIS	25	0,60%
				VIOLENCIA XÉNERO	157	3,75%
				OUTROS	179	4,28%
	TOTAIS:	2.986	71,32%			
	INFORME SANIDAD:	2326	55,55%			
	INFORME ESTADO:	309	7,38%			
	INFORME ESPERA:	351	8,38%			
	TOTAIS:	2986	71,32%			
PSIQUIATRÍA FORENSE			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	782	18,68%			
				IMPUTABILIDAD	460	10,99%
				INCAPACIDAD	206	4,92%

				VIOLENCIA DE XÉNERO	1	0,02%
				FAMILIA	0	0,00%
				OUTROS	115	2,75%
				TOTAIS:	782	18,68%
PSICOLOXÍA			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	81	1,93%			
				IMPUTABILIDAD INCAPACIDA D	2	0,05%
					0	0,00%
				VIOLENCIA DE XÉNERO	2	0,05%
				FAMILIA	72	1,72%
				OUTROS	5	0,12%
				TOTAIS:	81	1,93%
TRABALLO SOCIAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	80	1,91%			
				IMPUTABILIDAD INCAPACIDA D	1	0,02%
					0	0,00%
				VIOLENCIA DE XÉNERO	2	0,05%
				FAMILIA	72	1,72%
				OUTROS	5	0,12%
				TOTAIS:	80	1,91%
SERVIZO DE GARDA			%			%
				DETIDOS	0	0,00%
				INTERNAMENTOS	182	4,35%
				URXENTES	0	0,00%
				CONTROL INGRESO	0	0,00%
				AGRESIÓNS SEXUAIS	38	0,91%
	TOTAIS:	220	5,25%			
OUTROS			%			%
				NEGLIXENCIAS MÉDICAS	12	0,29%

				INFORMACIÓN X. SOCIAL	8	0,19%
				INFORMACIÓN X. PENAL	18	0,43%
	TOTAIS:	38	0,91%			
TOTAL CLÍNICA:		4187				

SUBDIRECCIÓN DE FERROL

VALORACION DAÑO CORPORAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	2141	74,94%			
				TRÁFICOS	1.019	35,67
				AGRESIÓNS	573	20,06
				LABORAIS	20	0,70
				CASUAIS	7	0,25
				VIOLENCIA XÉNERO	233	8,16
				OUTROS	289	10,12
	TOTAIS:	2.141	74,94%			
	INFORME SANIDAD:	1443	50,51%			
	INFORME ESTADO:	499	17,47%			
	INFORME ESPERA:	199	6,97%			
	TOTAIS:	2141	74,94%			
PSIQUIATRÍA FORENSE			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	195	6,83%			
				IMPUTABILIDAD	34	1,19
				INCAPACIDAD	137	4,80

				VIOLENCIA DE XÉNERO	7	0,25
				FAMILIA	5	0,18
				OUTROS	12	0,42
				TOTAIS:	195	6,83'
PSICOLOXÍA			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	85	2,98%			
				IMPUTABILIDAD	0	0,00
				INCAPACIDAD	9	0,32
				VIOLENCIA DE XÉNERO	6	0,21
				FAMILIA	32	1,12
				OUTROS	38	1,33
				TOTAIS:	85	2,98'
TRABALLO SOCIAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	72	2,52%			
				IMPUTABILIDAD	0	0,00
				INCAPACIDAD	10	0,35
				VIOLENCIA DE XÉNERO	5	0,18
				FAMILIA	32	1,12
				OUTROS	25	0,88
				TOTAIS:	72	2,52'
SERVIZO DE GARDA			%			%
				DETIDOS	60	2,10
				INTERNAMENTOS	142	4,97
				URXENTES	5	0,18
				CONTROL INGRESO	137	4,80
				AGRESIÓNS SEXUAIS	10	0,35
	TOTAIS:	354	12,39%			
OUTROS			%			%
				NEGLIXENCIAS MÉDICAS	7	0,25
				INFORMACIÓN X. SOCIAL	3	0,11

				INFORMACIÓN X. PENAL	0	0,00
	TOTAIS:	10	0,35%			
TOTAL CLÍNICA:		2857				

SUBDIRECCIÓN DE LUGO

VALORACION DAÑO CORPORAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	996	53,69%			
				TRÁFICOS	291	15,69
				AGRESIÓNS	354	19,08
				LABORAIS	95	5,12
				CASUAIS	57	3,07
				VIOLENCIA XÉNERO	96	5,18
				OUTROS	103	5,55
				TOTAIS:	996	53,69'
	INFORME SANIDAD:	561	30,24%			
	INFORME ESTADO:	435	23,45%			
	INFORME ESPERA:	0	0,00%			
	TOTAIS:	996	53,69%			
PSIQUIATRÍA FORENSE			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	194	10,46%			
				IMPUTABILIDAD	49	2,64
				INCAPACIDAD	107	5,77

				VIOLENCIA DE XÉNERO	0	0,00
				FAMILIA	0	0,00
				OUTROS	38	2,05
				TOTAIS:	194	10,46'
PSICOLOXÍA			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	31	1,67%			
				IMPUTABILIDAD	1	0,05
				INCAPACIDAD	3	0,16
				VIOLENCIA DE XÉNERO	12	0,65
				FAMILIA	5	0,27
				OUTROS	10	0,54
				TOTAIS:	31	1,67'
TRABALLO SOCIAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	13	0,70%			
				IMPUTABILIDAD	0	0,00
				INCAPACIDAD	3	0,16
				VIOLENCIA DE XÉNERO	2	0,11
				FAMILIA	4	0,22
				OUTROS	4	0,22
				TOTAIS:	13	0,70'
SERVIZO DE GARDA			%			%
				DETIDOS	0	0,00
				INTERNAMENTOS	0	0,00
				URXENTES	300	16,17
				CONTROL INGRESO	300	16,17
				AGRESIÓNS SEXUAIS	9	0,49
	TOTAIS:	609	32,83%			
OUTROS			%			%
				NEGLIXENCIAS MÉDICAS	12	0,65
				INFORMACIÓN X. SOCIAL	0	0,00

				INFORMACIÓN X. PENAL	0	0,00
	TOTAIS:	12	0,65%			
TOTAL CLÍNICA:		1855				

SUBDIRECCIÓN DE OURENSE

VALORACION DAÑO CORPORAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	2088	81,02%			
				TRÁFICOS	1.127	43,73
				AGRESIÓNS	961	37,29
				LABORAIS	0	0,00
				CASUAIS	0	0,00
				VIOLENCIA XÉNERO	0	0,00
				OUTROS	0	0,00
				TOTAIS:	2.088	81,02'
	INFORME SANIDAD:	1102	42,76%			
	INFORME ESTADO:	630	24,45%			
	INFORME ESPERA:	356	13,81%			
	TOTAIS:	2088	81,02%			
PSIQUIATRÍA FORENSE			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	335	13,00%			
				IMPUTABILIDAD	56	2,17
				INCAPACIDAD	195	7,57

				VIOLENCIA DE XÉNERO	1	0,04
				FAMILIA	0	0,00
				OUTROS	83	3,22
				TOTAIS:	335	13,00'
PSICOLOXÍA			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	6	0,23%			
				IMPUTABILIDAD	3	0,12
				INCAPACIDAD	0	0,00
				VIOLENCIA DE XÉNERO	0	0,00
				FAMILIA	1	0,04
				OUTROS	2	0,08
				TOTAIS:	6	0,23'
TRABALLO SOCIAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	5	0,19%			
				IMPUTABILIDAD	2	0,08
				INCAPACIDAD	0	0,00
				VIOLENCIA DE XÉNERO	0	0,00
				FAMILIA	1	0,04
				OUTROS	2	0,08
				TOTAIS:	5	0,19'
SERVIZO DE GARDA			%			%
				DETIDOS	63	2,44
				INTERNAMENTOS	0	0,00
				URXENTES	59	2,29
				CONTROL INGRESO	0	0,00
				AGRESIÓNS SEXUAIS	8	0,31
	TOTAIS:	130	0,19%			
OUTROS			%			%
				NEGLIXENCIAS MÉDICAS	8	0,31
				INFORMACIÓN X. SOCIAL	5	0,19

				INFORMACIÓN X. PENAL	0	0,00
	TOTAIS:	13	0,50%			
TOTAL CLÍNICA:		2577				

SUBDIRECCIÓN DE PONTEVEDRA

VALORACION DAÑO CORPORAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	2332	72,44%			
				TRÁFICOS	987	30,66
				AGRESIÓNS	1.166	36,22
				LABORAIS	47	1,46
				CASUAIS	11	0,34
				VIOLENCIA XÉNERO	114	3,54
				OUTROS	7	0,22
				TOTAIS:	2.332	72,44'
	INFORME SANIDAD:	1204	37,40%			
	INFORME ESTADO:	1128	35,04%			
	INFORME ESPERA:	0	0,00%			
	TOTAIS:	2332	72,44%			
PSIQUIATRÍA FORENSE			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	488	15,16%			
				IMPUTABILIDAD	202	6,28
				INCAPACIDAD	131	4,07

				VIOLENCIA DE XÉNERO	0	0,00
				FAMILIA	0	0,00
				OUTROS	155	4,82
				TOTAIS:	488	15,16'
PSICOLOXÍA			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	88	2,73%			
				IMPUTABILIDAD	6	0,19
				INCAPACIDAD	0	0,00
				VIOLENCIA DE XÉNERO	18	0,56
				FAMILIA	64	1,99
				OUTROS	0	0,00
				TOTAIS:	88	2,73'
TRABALLO SOCIAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	88	2,73%			
				IMPUTABILIDAD	6	0,19
				INCAPACIDAD	0	0,00
				VIOLENCIA DE XÉNERO	18	0,56
				FAMILIA	64	1,99
				OUTROS	0	0,00
				TOTAIS:	88	2,73'
SERVIZO DE GARDA			%			%
				DETIDOS	35	1,09
				INTERNAMENTOS	155	4,82
				URXENTES	0	0,00
				CONTROL INGRESO	0	0,00
				AGRESIÓNS SEXUAIS	10	0,31
	TOTAIS:	200	6,21%			
OUTROS			%			%
				NEGLIXENCIAS MÉDICAS	11	0,34
				INFORMACIÓN X. SOCIAL	12	0,37

				INFORMACIÓN X. PENAL	0	0,00
	TOTAIS:	23	0,71%			
TOTAL CLÍNICA:		3219				

SUBDIRECCIÓN DE VIGO

VALORACION DAÑO CORPORAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	6121	70,37%			
				TRÁFICOS	3.650	41,96%
				AGRESIONES	1.554	17,87%
				LABORAIS	266	3,06%
				CASUAIS	0	0,00%
				VIOLENCIA XÉNERO	577	6,63%
				OUTROS	74	0,85%
	TOTAIS:	6.121	70,37%			
	INFORME SANIDAD:	5085	58,46%			
	INFORME ESTADO:	1036	11,91%			
	INFORME ESPERA:	0	0,00%			
	TOTAIS:	6121	70,37%			
PSIQUIATRÍA FORENSE			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	1850	21,27%			
				IMPUTABILIDAD	601	6,91%

				INCAPACIDAD	206	2,37%
				VIOLENCIA DE XÉNERO	225	2,59%
				FAMILIA	725	8,34%
				OUTROS	93	1,07%
				TOTAIS:	1.850	21,27%
PSICOLOXÍA			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	138	1,59%			
				IMPUTABILIDAD	12	0,14%
				INCAPACIDAD	3	0,03%
				VIOLENCIA DE XÉNERO	39	0,45%
				FAMILIA	84	0,97%
				OUTROS	0	0,00%
				TOTAIS:	138	1,59%
TRABALLO SOCIAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	91	1,05%			
				IMPUTABILIDAD	0	0,00%
				INCAPACIDAD	17	0,20%
				VIOLENCIA DE XÉNERO	31	0,36%
				FAMILIA	43	0,49%
				OUTROS	0	0,00%
				TOTAIS:	91	1,05%
SERVIZO DE GARDA			%			%
				DETIDOS	350	4,02%
				INTERNAMENTOS	8	0,09%
				URXENTES	20	0,23%
				CONTROL INGRESO	0	0,00%
				AGRESIÓNS SEXUAIS	50	0,57%
	TOTAIS:	428	4,92%			
OUTROS			%			%
				NEGLIXENCIAS MÉDICAS	40	0,46%

				INFORMACIÓN X. SOCIAL	30	0,34%
				INFORMACIÓN X. PENAL	0	0,00%
	TOTAIS:	70	0,80%			
TOTAL CLÍNICA:		8698				

**INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA
SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE
MEMORIA ANO 2006**

VALORACION DAÑO CORPORAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	19.119	71,64%			
				TRÁFICOS	9.077	34,01%
				AGRESIÓNS	7.135	26,73%
				LABORAIS	548	2,05%
				CASUAIS	134	0,50%
				VIOLENCIA XÉNERO	1.233	4,62%
				OUTROS	992	3,72%
				TOTAIS:	19.119	71,64%
	INFORME SANIDAD:	13.159	49,31%			
	INFORME ESTADO:	4.529	16,97%			
	INFORME ESPERA:	1.431	5,36%			
	TOTAIS:	19.119	71,64%			
PSIQUIATRÍA FORENSE			%			%

	CONSULTAS TOTAIS	3.986	14,94%			
				IMPUTABILIDAD	1.435	5,38%
				INCAPACIDAD	1.038	3,89%
				VIOLENCIA DE XÉNERO	245	0,92%
				FAMILIA	730	2,74%
				OUTROS	538	2,02%
				TOTAIS:	3.986	14,94%
PSICOLOXÍA			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	469	1,76%			
				IMPUTABILIDAD	31	0,12%
				INCAPACIDAD	24	0,09%
				VIOLENCIA DE XÉNERO	88	0,33%
				FAMILIA	271	1,02%
				OUTROS	55	0,21%
				TOTAIS:	469	1,76%
TRABALLO SOCIAL			%			%
	CONSULTAS TOTAIS	372	1,39%			
				IMPUTABILIDAD	9	0,03%
				INCAPACIDAD	38	0,14%
				VIOLENCIA DE XÉNERO	63	0,24%
				FAMILIA	226	0,85%
				OUTROS	36	0,13%
				TOTAIS:	372	1,39%
SERVIZO DE GARDA			%			%
				DETIDOS	732	2,74%
				INTERNAMENTOS	487	1,82%
				URXENTES	423	1,58%
				CONTROL INGRESO	773	2,90%
				AGRESIÓNS SEXUAIS	143	0,54%
	TOTAIS:	2.558	9,58%			
OUTROS			%			%
				NEGLIXENCIAS MÉDICAS	97	0,36%

				INFORMACIÓN X. SOCIAL	65	0,24%
				INFORMACIÓN X. PENAL	22	0,08%
	TOTAIS:	184	0,69%			
TOTAL CLÍNICA:		26.688				